



BOP

LUNS, 6 DE ABRIL DE 2026

N.º 076

DEPUTACIÓN DE LUGO

boletin@deputacionlugo.org
www.deputacionlugo.gal

Dep. Legal: LU-1-1968

Administración: San Marcos, 8 - 27001 Lugo
Tel.: 982 260 124/25/26 - Fax: 982 260 205

CONCELLOS

ABADÍN

Aprobación inicial da alteración da calificación xurídica de camiño público

Aprobada inicialmente a desafectación dun tramo do camiño público con referencia catastral 27001B503090210000UK, por acordo adoptado en sesión ordinaria do Pleno do Concello de data 27.03.2026, de conformidade co artigo 8.2 do Real Decreto 1372/1986, de 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais, sométese a información pública polo prazo dun mes a contar desde o día seguinte ao de publicación do presente anuncio neste Boletín Oficial da Provincia.

Durante o devandito prazo poderá ser examinado por calquera interesado nas dependencias municipais para que se formulen as alegacións que se estimen pertinentes.

Abadín, 30 de marzo de 2026.- O alcalde-presidente, José María López Rancaño.

R. 0844

BARALLA

Anuncio

En cumprimento do acordado por este Concello, faise saber que en sesión plenaria de data do 26 de marzo de 2026 resultou aprobada inicialmente a modificación da ordenanza reguladora do establecemento e fixación do prezo público por prestación de servizos culturais e de lecer no Concello de Baralla e de conformidade cos artigos 49 e 70.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local e 56 do Texto Refundido de Réxime Local, sométese a información pública polo prazo de trinta días, a contar desde día seguinte á inserción deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia para que poida ser examinada e presentar as reclamacións que se estimen oportunas.

Durante o devandito prazo poderá ser examinado por calquera interesado nas dependencias municipais para que se formulen as alegacións que se estimen pertinentes. Así mesmo, estará ao dispor dos interesados na sede electrónica, no apartado portal de transparencia deste Concello.

En caso de que non sexan presentadas alegacións ou reclamacións, a disposición administrativa de carácter xeral de razón será elevada a definitiva.

Baralla, 27 de marzo de 2026.- O alcalde, Miguel González Piñeiro.

R. 0824

Anuncio

En cumprimento do acordado por este Concello, faise saber que en sesión plenaria de data do 26 de marzo de 2026 resultou aprobada inicialmente a ordenanza reguladora das axudas de emerxencia social do Concello de Baralla e de conformidade cos artigos 49 e 70.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local e 56 do Texto Refundido de Réxime Local, sométese a información pública polo prazo de trinta días, a contar desde día seguinte á inserción deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia para que poida ser examinada e presentar as reclamacións que se estimen oportunas.

Durante o devandito prazo poderá ser examinado por calquera interesado nas dependencias municipais para que se formulen as alegacións que se estimen pertinentes. Así mesmo, estará ao dispor dos interesados na sede electrónica, no apartado portal de transparencia deste Concello.

En caso de que non sexan presentadas alegacións ou reclamacións, a disposición administrativa de carácter xeral de razón será elevada a definitiva.

Baralla, 30 de marzo de 2026.- O alcalde, Miguel González Piñeiro.

R. 0825

CASTROVERDE

Anuncio

Que por resolución de alcaldía de data 27 de marzo de 2026, ditouse a seguinte resolución, aprobación ao Padrón do prezo público pola prestación do servizo de axuda no fogar dependencia e libre concorrència correspondente ao mes de febreiro de 2026, por un importe de 7.592,63 euros 878,12 euros respectivamente. Os padróns quedarán expostos ao público polo prazo de quince días contados a partir do seguinte da súa publicación no BOP, ao obxecto de que poida ser examinado e presentar contra o mesmo as reclamacións que se estimen pertinentes.

Dado que os recibos están domiciliados, enviaranse as respectivas entidades para o seu cargo nas contas designadas.

Contra as liquidacións comprendidas no padrón poderase formular recurso de reposición, anterior ao contencioso administrativo, perante a Alcaldía no prazo de un mes a partir do día seguinte ao da finalización da exposición pública do padrón.

Así mesmo, acordase a apertura do prazo de recadación en período voluntario que será segundo o seguinte detalle:

A) Prazo de ingreso en período voluntario do prezo público do Servizo de Axuda no Fogar: dende o 31 de marzo de 2026 ao 31 de maio de 2026, ámbolos dous inclusive.

Transcorrido o prazo de ingreso voluntario, sen que se efectuaran os pagamentos correspondentes, e unha vez rematado este, os recibos pendentes pasarán ó cobro pola vía executiva de constrinximento.

Así mesmo faise saber que dita publicación surtirá de notificación colectiva da liquidación tributaria, ao amparo do establecido no artigo 102.3 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria

Castroverde, 30 de marzo de 2026.- O alcalde, Xosé María Arias Fernández.

R. 0826

GUITIRIZ

Anuncio

De conformidade co disposto no artigo 23.4 da Lei 7/1985 de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, no artigo 61.3 da Lei 5/97, de 22 de xullo de Administración Local de Galicia, artigos 43 e 44 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, e co previsto nos artigos 58.1 da Lei 20/2011, de 21 de xullo, de Rexistro Civil e 51 do Código Civil, publícase o Decreto 2025-0733 en data 11/09/2025 onde se resolve:

PRIMEIRO.- Delegar no Concelleira dona Sofía Sánchez Miragaya as atribucións da alcaldía para oficiar o acto de celebración de matrimonio entre dona Lidia Fontao Roca con DNI 34285285J e don Santiago Alberto Agudelo Estrada con Pasaporte BF983510 o día 31/03/2026 as 12:30 horas no Concello de Guitiriz.

SEGUNDO.- Comunicar esta resolución ás persoas interesadas, comunicarlle aos servizos municipais afectados, e dar conta desta na seguinte sesión plenaria ordinaria.

Guitiriz, 27 de marzo de 2026.- A alcaldesa, Marisol Morandeira Morandeira.

R. 0827

GUNTÍN

Anuncio

Por Decreto da Alcaldía de 27 de marzo de 2026, prestouse aprobación inicial ao Padrón da taxa polo abastecemento de auga a domicilio, no que se inclúe o canon da auga correspondente ao primeiro bimestre do ano 2021.

Exponse ao público polo prazo de 15 días hábiles contados desde o seguinte ao da publicación deste anuncio no BOP de Lugo.

Recurso: Contra o Decreto de aprobación do padrón da taxa polo abastecemento de auga a domicilio, poderá interperse recurso de reposición.

Prazo de presentación do recurso: Un mes contado desde o día seguinte ao da finalización do período de exposición ao público dos padróns.

Órgano ante o que se recorre. Alcalde-Presidente do Concello de Guntín.

Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición, que no seu caso se formule, poderá interperse recurso contencioso-administrativo na forma e nos prazos que a tal efecto se establezan na Lei Reguladora da referida xurisdicción.

A repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante o órgano económico-administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia, no prazo dun mes desde que se entende producida a notificación.

ANUNCIO DE COBRANZA

Para o cobro dos mesmos, os recibos seranlles cargados nas contas bancarias respectivas, e fíxase como período de cobro voluntario o prazo de dous meses, desde o 31 de marzo de 2026 ata o 30 de maio de 2026. Finalizado o exercicio pasarase ao seu cobro pola vía de constrinximento, cos recargos previstos no artigo 28 da Lei 58/2003 de 17 de decembro, Facenda Pública, Lei Xeral Tributaria, a través do Servizo Provincial de Recadación da Excm. Deputación Provincial de Lugo.

No tocante ao canon da auga, a falta de pago no período voluntario suporá a súa esixencia directamente pola vía de constrinximento pola consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia.

A presente publicación, nos dous supostos, de edicto de exposición ao público do padrón e anuncio de cobranza, ten o carácter de notificación colectiva, ao amparo do establecido no artigo 102.3 da Lei Xeral Tributaria.

Guntín, 27 de marzo de 2026.- O alcalde, Ángel Pérez Rodríguez.

R. 0828

O INCIO

Anuncio

Aprobación definitiva orzamento xeral para o exercicio 2026

O Orzamento Xeral do Concello de O Incio para o exercicio 2026 foi aprobado inicialmente polo Pleno da Corporación, en sesión extraordinaria de data 2 de marzo de 2026 e publicado no Boletín Oficial da Provincia n.º 051, de data 4 de marzo de 2026. Exposto ao público durante o prazo de quince días hábiles, non se presentaron reclamacións contra o mesmo, polo que de conformidade co artigo 169.1 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, considéranse definitivamente aprobados o Orzamento Xeral desta Entidade para o ano 2026, as bases para a súa execución e o cadro de persoal. Segundo o disposto no artigo 169.3 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, procédese á publicación do resume por capítulos do mencionado orzamento e do cadro de persoal.

A) ORZAMENTO DO CONCELLO DE O INCIO (LUGO) PARA O EXERCICIO 2026

<i>Orzamento de Gastos</i>	<i>EUROS</i>
A) OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS	
A.1) OPERACIÓNS CORRENTES	
1. GASTOS DE PERSOAL	912.200,05
2. GASTOS CORRENTES	654.848,80
3. GASTOS FINANCEIROS	15.000,00
4. TRANSFERENCIAS CORRENTES	24.050,00
5. FONDO DE CONTINXENCIA	0,00
A.2) OPERACIÓNS DE CAPITAL	
6. INVERSIÓN REAIS	739.227,78
7. TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	0,00
B) OPERACIÓNS FINANCEIRAS	
8. ACTIVOS FINANCEIROS	0,00

9. PASIVOS FINANCEIROS	59.631,72
TOTAL	2.404.958,35

Orzamento de Ingresos

A) OPERACIÓN NON FINANCEIRAS	
A.1) OPERACIÓN CORRENTES	
1. IMPOSTOS DIRECTOS	549.481,04
2. IMPOSTOS INDIRECTOS	23.973,57
3. TAXAS E OUTROS INGRESOS	255.671,66
4. TRANSFERENCIAS CORRENTES	991.527,76
5. INGRESOS PATRIMONIAIS	7.327,44
A.2) OPERACIÓN DE CAPITAL	
6. ALLEAMENTO DE INVESTIMENTOS REAIS	0,00
7. TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	576.976,88
B) OPERACIÓN FINANCEIRAS	
8. ACTIVOS FINANCEIROS	0,00
9. PASIVOS FINANCEIROS	0,00
TOTAL	2.404.958,35

B) CADRO DE PERSOAL DO CONCELLO DO INCIO (LUGO)

	NÚMERO PRAZAS	GRUPO	CD	CE MENSUAL
A) FUNCIONARIO DE CARREIRA				
A.1.- ESCALA DE FUNCIONARIOS CON HABILITACIÓN NACIONAL				
Secretario - Interventor en Agrupación co Concello de Bóveda	1	A1	30	1.881,53 €
A.2.- ESCALA DE ADMINISTRACIÓN XERAL				
Administrativos administración xeral	3	C1	22	743,49 €
Técnico de xestión	1	A2	24	896,93 €
A.3.- ESCALA DE ADMINISTRACIÓN ESPECIAL				
Asistente Social	1	A2	22	625,42 €
TOTAL PERSOAL FUNCIONARIO	6			
B) PERSOAL LABORAL				
B.1.- PERSOAL LABORAL DE CARÁCTER FIXO				
B.1.1.- PERSOAL DE OFICIOS				

Oficial de 1ª	1			
Operarios servizos varios	3			
Auxiliares de axuda a domicilio	7			
B.2.- PERSOAL LABORAL DE CARÁCTER TEMPORAL				
Auxiliares de axuda a domicilio	2			
TOTAL PERSOAL LABORAL	13			

O Incio, 30 de marzo de 2026. O alcalde-presidente, Héctor Manuel Corujo González.

R. 0829

LOURENZÁ

Anuncio

NOTIFICACIÓN COLECTIVA DE DÉBEDAS TRIBUTARIAS DE VENCEMENTO PERIÓDICO

Padrón fiscal do Servizo de AXUDA NO FOGAR do mes de Febreiro de 2026.

EDICTO

Por Resolución de Alcaldía de data o día 18 de marzo de 2026, prestouse aprobación inicial ao Padrón fiscal do Servizo de Axuda no Fogar correspondente o mes de Febreiro de 2026 a través da Lei de Dependencia e Programa Básico de Axuda no Fogar por importe de tres mil noventa e tres euros con setenta e dous céntimos de euro (3.093,62€), dous mil oitocentos vinte e tres euros con trinta e un céntimos de euro (2.823,31€) correspondente a dependencia, e douscentos setenta euros con trinta e un céntimos de euros (270,31€) son de libre concorrencia.

De conformidade co establecido no artº 102.3 da Lei 58/2003, xeral tributaria, do 17 de decembro, notificase colectivamente a liquidación do prezo público polo servizo de axuda no fogar correspondente ao mes de febreiro de 2026.

O expediente poderá ser consultado polos interesados nas dependencias do servizo sociais do Concello de Lourenzá, durante o prazo de 15 días a contar dende a publicación deste anuncio no BOP de Lugo.

Contra as liquidacións provisionais anteriores, poderase interpoñer recurso de reposición perante o órgano competente do Concello no prazo dun mes, a contar dende o día seguinte o de finalización do prazo de exposición, ou calquera outro que se considere procedente. Todo iso, en virtude do establecido no artº 14.2 do Texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais.

ANUNCIO DE COBRANZA

De conformidade co establecido nos artº 24 e 25 do Regulamento Xeral de Recaudación, aprobado por R.D. 939/2002, do 29 de xullo comunícase como PRAZO, LUGAR E FORMA DE PAGO:

O prazo de cobro, en período voluntario será da primeira quincena do mes seguinte.

Para o cobramento dos mesmos, os contribuíntes que teñan domiciliados os recibos, estes seranlles debidos na entidade bancaria que a persoa usuaria estableceu para o seu efecto.

Infórmase de que as débedas derivadas da falta de pago do prezo público serán esixidas de conformidade co disposto na lexislación tributaria polo procedemento administrativo de constrinximento.

Lourenzá, 23 de marzo de 2026.- A alcaldesa, D.ª Rocío López García.

R. 0830

O PÁRAMO

Anuncio

CONVOCATORIA DE ELECCIÓN DE XUIZ DE PAZ SUSTITUTO

Benjamín García Toirán, no exercicio por substitución das funcións de Alcaldía en virtude do disposto no artigo 23 da Lei 7/1985, de 2 de abril, expoño:

Visto o escrito recibido neste Concello remitido pola Secretaría de Goberno do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, conforme ao que se pon en coñecemento deste Concello que deberá proceder á provisión de vacante do cargo de Xuíz de Paz SUSTITUTO de O Páramo (Lugo), e se insta a iniciar o procedemento para nova designación; esta Alcaldía- Presidencia, de conformidade co que dispoñen os artigos 101 e 102 da Lei Orgánica do Poder Xudicial e artigos 4 e 5.1 do Regulamento 3/1995, de 7 de xuño, dos Xuíces de Paz, **RESOLVO**:

PRIMEIRO: Abrir un prazo de quince días hábiles, contados a partir do seguinte ao da publicación desta Resolución no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, para que as persoas que estean interesadas e reúnan as condicións legais, soliciten deste Concello, por escrito dirixido ao Sr. Alcalde-Presidente, ser elixidos para ditos cargos polo Pleno do Concello, por un período de catro anos e cuxo nomeamento se efectuará pola Sala de Goberno do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

SEGUNDO: Requisitos para tomar parte na convocatoria:

- a) Estar en posesión da nacionalidade española.
- b) Ser maior de idade.
- c) Non estar incurso en algunha das causas de incapacidade que establece o artigo 303 da Lei Orgánica do Poder Xudicial
- d) Ser residente nesta localidade (sede do Xulgado de Paz).
- e) Non estar incurso en algunha das causas de incompatibilidade previstas na Lei Orgánica do Poder Xudicial (artigo 389)

TERCEIRO: Os interesados presentarán a correspondente solicitude, no Rexistro Xeral deste Concello en horario de atención ao público (de 9:00 a 15:00 horas de luns a venres) ou no Rexistro Electrónico deste Concello (Sede Electrónica). Ademais as solicitudes tamén se poderán presentar por calquera dos outros medios que regula o artigo 16.4, da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, neste caso os aspirantes deberán comunicalo ao correo electrónico concello.oparamo@eidolocal.es, achegando copia da solicitude rexistrada.

Á citada solicitude achegarase a seguinte documentación:

1. Copia do DNI
2. Xustificación dos méritos que, no seu caso alegue o/a solicitante.

O Páramo, 27 de marzo de 2026.- O primeiro tenente de alcalde, Benjamín García Toirán.

R. 0831

O SAVIÑO

Anuncio

APROBACIÓN DEFINITIVA DA MODIFICACIÓN DO REGULAMENTO ORGÁNICO DO CONCELLO DO SAVIÑO (EXPEDIENTE 149/2026)

Sendo aprobada inicialmente pola Corporación en Pleno, en sesión ordinaria de data 30/01/2026, a MODIFICACIÓN DO REGULAMENTO ORGÁNICO MUNICIPAL e transcorrido o prazo de 30 de días de exposición pública (BOP Lugo núm. 32, de 9 de febreiro de 2026) e non presentándose alegacións, considérase aprobado definitivamente e publícase integramente en cumprimento do preceptuado no art. 70.2 da Lei Reguladora das Bases do Réxime Local, entrando en vigor unha vez transcorrido o prazo previsto no artigo 65.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril.

O presente acto pon fin á vía administrativa e contra o mesmo, de conformidade co previsto nos artigos 25 e 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa poderá interpoñerse recurso Contencioso-Administrativo ante a Sala do TSX de Galicia no prazo de dous meses a contar dende o día seguinte ó da publicación. Todo isto sen prexuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso que se estime conveniente.

ANEXO

REGULAMENTO ORGÁNICO DO CONCELLO DO SAVIÑO.

TÍTULO PRELIMINAR. DISPOSICIÓNS XERAIS

Artigo 1. O Concello do Saviño, exercendo a potestade regulamentaria e de autoorganización que outorgan os artigos 4 e 20.3 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, o artigo 24.b) do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local aprobado por Real Decreto 781/1986, de 18 de abril, e o artigo 4 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado por Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, regula a organización e o réxime de funcionamento do Concello.

Artigo 2. O presente Regulamento ten por obxecto regular a organización e o réxime de funcionamento dos Órganos de Goberno e Administración deste Municipio.

Artigo 3. Os preceptos deste Regulamento aplicaranse preferentemente sempre que non vaian en contra de disposicións de rango legal que sexan de obrigado cumprimento, tendo en conta que a Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, ten carácter básico, e no Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local aprobado por Real Decreto 781/1986, de 18 de abril.

Artigo 4. O Concello ten a potestade de goberno e administración municipal, sendo órganos necesarios do Concello:

- O Alcalde.
- Os Tenentes de Alcalde.
- O Pleno.
- A Xunta de Goberno Local
- A Comisión Especial de Contas.

Son órganos complementarios do Concello:

- Os Concelleiros Delegados.
- A Comisión de Coordinación

TÍTULO PRIMEIRO. FUNCIONAMENTO DOS ÓRGANOS MUNICIPAIS

CAPÍTULO PRIMEIRO. O PLENO

Artigo 5. O Pleno é o órgano de máxima representación política da cidadanía no goberno municipal. Está integrado por todos os concelleiros e presidido pola Alcaldía.

Artigo 6. O Pleno celebrará a sesión ordinaria coa periodicidade que sinala o propio Pleno na sesión seguinte á constitutiva da Corporación e non poderá exceder do límite trimestral a que se refire o artigo 46.2a) da Lei 7/85, reguladora das Bases de Réxime Local.

Na mesma sesión fixaranse os días nos que terá lugar a dita sesión. Non obstante, o alcalde, por propia iniciativa ou a instancia dos portavoces, poderá, por causa xustificada, convocalo para un día distinto ao fixado.

Artigo 7. O Pleno celebrará as sesións extraordinarias cando así o dispoña o alcalde ou o solicite a cuarta parte, polo menos, do número legal de membros da Corporación.

A convocatoria da sesión extraordinaria a instancia dos membros da Corporación, deberá facerse dentro dos 4 días seguintes á petición e celebrarse dentro do prazo de 1 mes a partir da data en que se solicitara.

Nas sesións extraordinarias non poderán ser debatidos asuntos que non figuren expresamente incluídos na orde do día.

Artigo 8. A convocatoria das sesións, tanto ordinarias como extraordinarias, que non teñan carácter de urxencia, xunto coa orde do día, remitirase aos concelleiros cunha antelación mínima de 2 días hábiles.

Son sesións extraordinarias urxentes as convocadas polo alcalde, cando a urxencia do asunto impida a súa convocatoria cunha antelación mínima de 2 días hábiles. Nelas incluírase como primeiro punto da orde do día o pronunciamento do Pleno sobre a urxencia.

Artigo 9. Segundo o artigo 46 da Lei de bases e o artigo 90 do Regulamento de organización, precisarase a asistencia de 1/3 do número legal de concelleiros para que o Pleno poida constituírse validamente. O citado quórum haberá de conservarse mentres dure a sesión. A presenza do alcalde e do secretario, ou das persoas que legalmente os substitúan, é obrigada para que a sesión poida celebrarse validamente.

Artigo 10. As sesións do Pleno serán públicas, non obstante, o alcalde, por propia iniciativa ou a petición de calquera membro da Corporación, poderá someter ao Pleno a suspensión do carácter público do debate e a votación, que deberá acordarse por maioría absoluta e sen debate, cando se trate de asuntos que poidan afectar ao dereito fundamental dos cidadáns a que se refire o artigo 18.1 da Constitución.

As sesións do Concello Pleno celebraranse no salón de sesións da Casa Consistorial, salvo razóns de forza maior.

Artigo 11. O alcalde, como presidente da Corporación, convoca e preside as sesións do Concello, sen que estas facultades sexan en ningún caso delegables. En caso de vacante, ausencia ou enfermidade do alcalde, será substituído polos tenentes de alcalde, segundo a orde de prelación dos seus nomeamentos.

Artigo 12. Os grupos municipais intervirán nas sesións plenarias a través do portavoz que cada un deles designe. Naqueles casos en que un determinado asunto requira coñecementos específicos, o portavoz poderá delegar a súa intervención no concelleiro que considere máis idóneo para o exame, discusión e debate do asunto concreto de que se trate.

Artigo 13. Sen prexuízo das causas de incompatibilidade para o exercicio das súas funcións establecidas por lei, os membros da Corporación non poderán participar na deliberación, votación e decisión daqueles asuntos nos que conorra algunha das causas ás que se refire a lexislación do Estado sobre o procedemento administrativo e os contratos das Administracións públicas, por razón do suposto interese do que puideran resultar afectados.

Artigo 14. Unha vez aberta a sesión plenaria, o presidente preguntará se algún membro da Corporación ten que formular algunha observación á acta da sesión anterior, distribuída coa convocatoria, se non houberse observacións considerárase aprobada. Se as houberse debateranse e decidiranse as rectificacións que procedan. Os concelleiros que non estiveran na sesión correspondente á acta que se pretende aprobar deberán absterse neste punto.

En ningún caso poderá ser obxecto de modificación o fondo dos acordos adoptados, cabendo, polo tanto, tan só, a subscripción dos erros materiais que se advirtan.

Todos os asuntos debateranse e votaranse pola orde en que estivesen relacionados na orden do día. Non obstante, o alcalde ou o presidente poden alterar a súa orde e retirar algún asunto cando a súa aprobación esixa unha maioría especial e esta non se puidese obter no momento previsto inicialmente na orde do día.

Artigo 15. As intervencións no Pleno serán ordenadas polo Alcalde conforme ás seguintes regras:

- Só poderá facerse uso da palabra previa autorización do Presidente
- No debate, os diversos Grupos consumirán unha quenda dunha duración máxima de seis minutos.
- Os concelleiros que consumiron a súa quenda poderán volver a facer uso da palabra para rectificar concisamente e, por unha soa vez, os feitos ou conceptos que se lle atribuíron. A estes efectos o Presidente concederalles a palabra pola metade do tempo anterior como máximo.
- Quen se considere aludido por unha intervención poderá solicitar do Alcalde que se conceda unha quenda por alusións, que será breve e concisa, sen que poida exceder dun minuto e medio.
- o Presidente poderá reducir ou ampliar os tempos de intervención nos debates en razón da importancia ou transcendencia do asunto.
- Non se admitirán outras interrupcións que as do Presidente para chamar á orde ou á cuestión debatida.

Os membros da Corporación poderán, en calquera momento do debate, pedir a palabra para expor unha cuestión de orde, invocando para o efecto a norma cuxa aplicación reclama. O Presidente resolverá o que proceda sen que por este motivo poida establecerse debate algún.

O/A Secretario/a poderá intervenir cando fora requirido pola Presidencia por razóns de asesoramento técnico ou aclaración de conceptos. Asimesmo poderá solicitar o uso da palabra para asesorar á Corporación cando entenda que existe algunha dúbida sobre a legalidade dalgunha cuestión.

Os/ as concelleiras/as asistentes non poderán dirixirse ao público asistente

Artigo 16. O Alcalde poderá chamar á orde a calquera membro da Corporación que:

- a) Profira palabras ou verta conceptos ofensivos ao decoro da Corporación ou dos seus membros, das Institucións Públicas ou calquera outra persoa ou Entidade.
- b) Produza interrupcións ou de calquera outra forma altere a orde das sesión
- c) Pretenda facer uso da palabra sen que lle fora concedida ou unha vez lle foi retirada.

Tras tres chamadas á orden a mesma sesión (ou dúas chamadas á orde no debate dun mesmo asunto), coa advertencia na última, das consecuencias dunha nova chamada, o Presidente poderá ordenar a un/ha Concelleiro/a que abandone o local no que se está a celebrar a reunión, adoptando as medidas que considere oportunas para facer efectiva a expulsión.

Artigo 17. Os grupos políticos municipais poderán formularlle ao Pleno propostas de resolución para o debate e votación, que recibirán a denominación de mocións. As mocións deberán ser obxecto de presentación ante o Rexistro Xeral do Concello, coa antelación suficiente para que poidan incluírse na orde do día do Pleno correspondente.

Terán ordinariamente por obxecto o pronunciamento do Pleno sobre a necesidade de iniciar actuacións cunha ou mais finalidades determinadas. Así mesmo, poderán utilizarse para que o Pleno, en representación do Municipio, formule unha declaración de ideas ou de sentimentos, de contido meramente político, respecto dun problema que considere que lle afecta.

As mocións carecerán da eficacia precisa para a adopción inmediata de acordos que esixan informes técnicos, económicos ou xurídicos, necesarios para garantir a oportunidade, posibilidade ou legalidade dos pronunciamentos do acordo que adopte. Non responderán á tramitación ordinaria dun expediente, nin poderán recoller proposta de acordo administrativo.

O número máximo de mocións a formular por Grupo Político serán un máximo de dúas por pleno.

Artigo 18. Os/as concelleiros/as poderán formular rogos ou preguntas nas sesións ordinarias.

O rogo é a proposta de actuación formulada no punto correspondente das sesións ordinarias, por un/ha concelleiro/a ou grupo político dirixida á Presidencia ou aos membros da Corporación que ostentes competencias delegadas da Alcaldía.

A pregunta é calquera cuestión presentada por un/ha concelleiro/a ou grupo político no punto correspondente das sesións ordinarias relativa á actividade municipal.

Artigo 19. A Presidencia poderá rexeitar os rogos ou preguntas que non se refiran a asuntos de competencia municipal así como as preguntas que respondan a una consulta de índole exclusivamente xurídica e as que se formulen en exclusivo interese de algunha persoa singularizada. Igualmente poderá reconducir á súa verdadeira natureza de rogo ou pregunta as que se presenten impropriamente como preguntas ou rogos.

O número de rogos a formular por Grupo Político serán un máximo de tres por pleno.

Artigo 20. Concedida a palabra pola Presidencia o/a Concelleiro/a que vaia a formular un rogo procederá a expoñer o texto da mesma cunha sucinta exposición xustificativa.

Os rogos formulados no seno do Pleno serán debatidos xeralmente na mesma sesión que se formulen pero en ningún caso se someterán a votación.

As preguntas deberán presentadas por escrito ao inicio da sesión ordinaria correspondente sendo contestadas na seguinte sesión ordinaria que se celebre.

O número máximo de preguntas a formular por Grupo político será de tres por Pleno.

Artigo 21. As sesións plenarias son públicas polo que se permite a súa gravación por calquera medio que facilite a súa difusión a excepción de que se trate de asuntos cuxo debate e votación sexa secreto por poder afectar ao dereito fundamental dos cidadáns a que se refire o artigo 18.1 da Constitución, cando así o acorde o Pleno por maioría absoluta.

Pola Alcaldía- Presidencia poderase limitar este dereito, de forma debidamente motivada, por razón de limitación de aforo, de alteración da orde pública, de concorrencia en masa de medios de comunicación ou calquera outro previsto nas leis que impida o desenvolvemento da sesión.

A publicación dos datos gravados por calquera interesado implica unha cesión de datos ou comunicación de datos de carácter persoal amparada pola Lei sendo responsables do uso que se faga delas as persoas que os difundan e non o concello.

Artigo 22. Finalizado o debate dun asunto, procederase á súa votación.

Antes de empezar a votación o Presidente exporá de forma clara e concisa os termos da mesma e a forma de emitir o voto.

Unha vez iniciada a votación non pode interromperse por ningún motivo. Durante o desenvolvemento da votación o Presidente non concederá o uso da palabra a ningún membro da Corporación e ningún membro poderá entrar ou saír do salón de plenos.

O voto dos concelleiros é persoal e indelegable.

Artigo 23. As votacións poden ser ordinarias, nominais e secretas:

Son ordinarias as que se manifestan por signos convencionais de asentimento, disentimento ou abstención.

Son nominais aquelas votacións que se realizan mediante chamamento por orde alfabética de apelidos e sempre en último lugar o Presidente e na que cada membro da Corporación, ao ser chamado, responde en voz alta “si”, “non” “ou me absteño”.

Son secretas as que se realizan por papeleta que cada membro da Corporación vaia depositando nunha urna ou bolsa.

O sistema normal de votación será a votación ordinaria.

A votación nominal requirirá a solicitude dun Grupo Municipal aprobada polo Pleno por unha maioría simple en votación ordinaria, de acordo co disposto no artigo 46 da Lei 7/85.

Artigo 24. Terminada a votación ordinaria, o Presidente declarará o acordado. Inmediatamente de concluír a votación nominal ou secreta, o/a Secretario/a computará os votos emitidos e anunciará en voz alta o seu resultado, en vista do cal o Presidente proclamará o acordo adoptado.

Artigo 25. De cada sesión o/a Secretario/a estenderá na que haberá de constar todos os requisitos que sinala o artigo 109 do ROF.

De non celebrarse sesión por falta de asistentes ou outros motivos, o Secretario suplirá a acta cunha Dilixencia autorizada coa súa firma, na que consigne a causa e nomes dos concorrentes e dos que escusasen a súa ausencia.

O/A Secretario/a redactará a acta de forma concisa, configurando un extracto do sucedido e recollendo as opinións sintetizadas dos membros da Corporación que interviñesen nas deliberacións, plasmando de forma irrefutable os acordos e os orzamentos imprescindibles que lle sirvan de base.

CAPÍTULO II. A XUNTA DE GOBERNO

Artigo 26. A Xunta de Goberno Local celebrará sesión ordinaria con periodicidade quincenal na hora e día que sinala a Presidencia.

As sesións extraordinarias e urxentes terán lugar cando con tal carácter sexan convocadas polo Alcalde.

Artigo 27. As sesións da Xunta de Goberno Local axustaranse ao disposto na lexislación vixente e neste Regulamento para as sesións plenarias coas seguintes modificacións:

- a) Entre a convocatoria e a celebración da sesión non poderán transcorrer menos de vinte e catro horas, salvo nos casos de sesións extraordinarias e urxentes nas que, antes de entrar a coñecer os asuntos incluídos na Orde do Día, deberá ser declarada a urxencia por acordo favorable da maioría dos seus membros.
- b) As sesións da Xunta de Goberno Local non serán públicas, sen prexuízo da publicidade e comunicación á Administración Estatal e Autonómica dos acordos adoptados.
- c) O Alcalde dirixe e ordena ao seu prudente arbitrio os deberes no seno da Xunta de Goberno.
- d) As sesións da Xunta de Goberno Local terán en todo caso carácter presencial. Non obstante, excepcionalmente e por causas laborais, de enfermidade, maternidade ou de outra índole, debidamente xustificadas, poderá admitirse, apreciada a concorrencia desta

circunstancia polo Alcalde-Presidente, a participación a distancia de algún dos seus membros. Neste suposto, deberá asegurarse a comunicación durante a sesión con medios electrónicos válidos tales como audioconferencias, videoconferencias ou outros sistemas tecnolóxicos ou audiovisuais que garantan a seguridade tecnolóxica, a efectiva participación política do membro que participe a distancia, a validez do debate e a votación dos acordos que se adopten.

CAPÍTULO III. A COMISIÓN ESPECIAL DE CONTAS

Artigo 28. A Comisión Especial de Contas é de existencia preceptiva, segundo dispón o artigo 116 da Lei 7/1985, de 2 de abril.

Corresponde á Comisión Especial de Contas o exame, estudo e informe da Conta Xeral.

Nela estarán representados todos os Grupos Políticos que integren a Corporación Municipal, de forma que a súa composición se acomode á proporcionalidade existente entre os distintos Grupos como resultado das Eleccións, de tal maneira que o Partido ou Agrupación que ostente maioría absoluta na Corporación, manteña dita maioría no seo da propia Comisión.

CAPÍTULO IV. A COMISIÓN DE COORDINACIÓN

Artigo 29. A Comisión de Coordinación é un órgano complementario. As funcións da Comisión de Coordinación serán o tratamento dos asuntos relativos aos servizos ou áreas sobor as que versen as competencias delegadas en órganos unipersoais; a fixación de posturas comúns en asuntos que afecten aos diversos servizos municipais; a posta en común da información na xestión das competencias delegadas e a formulación de propostas de actos ou regulamentos para ser dirixidos ao órgano competente.

Artigo 30. A Comisión de Coordinación do Goberno Local estará integrado polos concelleiros que ostenten delegacións, ben sexan xenéricas, bens especiais relativas a un determinado área ou servizo.

Non darán lugar a formar parte da Comisión as delegacións para asuntos determinados, coma pode ser a autorización de matrimonio.

Tampouco dará lugar a formar parte da Comisión o nomeamento en órganos de carácter colexiado.

Terá a condición de Presidente da Comisión o Sr. Alcalde do Concello.

Artigo 31. A Comisión de Coordinación do Goberno Local celebrará sesión ordinaria o primeiro martes de cada mes, e extraordinaria cando o estime oportuno o Presidente.

O réxime de funcionamento será o previsto para os órganos colexiados na lexislación básica de réxime xurídico das Administracións Públicas.

TÍTULO SEGUNDO. ESTATUTO DOS MEMBROS CORPORATIVOS

Artigo 32. O Estatuto dos concelleiros/as é o conxunto de dereitos e deberes que a Constitución, o Estatuto de Autonomía de Galicia, a lexislación estatal e autonómica de réxime local e este Regulamento orgánico lles recoñecen

Os concelleiros/as están obrigados ao cumprimento dos deberes e obrigas inherentes ao cargo.

A determinación do número de membros da Corporación, o procedemento para a súa elección, a duración do seu mandato e os supostos de inelixibilidade e incompatibilidade son os regulados na lexislación electoral.

Artigo 33. Os concelleiros/as están suxeitos a responsabilidade civil e penal polos actos e omisións realizados no exercicio do cargo. Esixirase ante os tribunais competentes polo procedemento ordinario aplicable.

Son responsables dos acordos do Pleno os concelleiros/as que votasen favorablemente.

O Pleno esixirá responsabilidade dos seus membros cando, por dolo ou culpa, causasen danos ou prexuízos ao Concello ou a terceiros si estes fosen indemnizados polo mesmo.

Artigo 34. Os/as concelleiros/as percibirán retribucións polo exercicio dos seus cargos cando os desempeñen con dedicación exclusiva ou parcial. Neste caso serán dados de alta no Réxime Xeral da Seguridade Social, a Corporación asumirá o pago das cotas empresariais.

Salvo as excepcións da normativa aplicable a percepción de retribucións por dedicación exclusiva é incompatible co desenvolvemento doutras actividades e con calquera outra retribución con cargo aos orzamentos das administracións públicas e os dos entes, organismos e empresas delas dependentes.

Os/as concelleiros/as percibirán indemnizacións polos gastos efectivos ocasionados no exercicio do cargo na contía e condicións que acorde o Pleno.

Os/as concelleiros/as que non teñan dedicación exclusiva ou parcial percibirán asistencia pola concorrencia efectiva ás sesións dos órganos colexiados da Corporación na contía sinalada polo Pleno.

Consignarase nos orzamentos as retribucións, indemnizacións ou asistencias.

Artigo 35. Os/as concelleiros/as, previa solicitude, terán dereito á obtención de cuantos antecedentes datos ou informacións obren en poder dos servizos e resulten precisos para o desenvolvemento da súa función.

A solicitude será resolta motivadamente e notificada nos cinco días hábiles seguintes ao da presentación. Entenderase autorizada por silencio si non se dita e notifica resolución en este prazo.

A denegación do acceso á documentación estará motivada nalgunha das seguintes causas:

- a) Cando o coñecemento ou a difusión da información poida vulnerar os dereitos fundamentais do art. 18 Constitución.
- b) Cando se trate de materias afectadas pola lexislación sobre segredos oficiais.
- c) Cando se trate de materias afectadas por secreto sumarial.

Artigo 36. A consulta e o exame concreto dos expedientes ou documentos de que se trate poderase realizar no arquivo xeral ou na oficina onde estean.

O exercicio do dereito á información, e concretamente o de obter copias ou certificados da documentación de que se trate, será exercido de maneira que non afecte negativamente á eficacia do funcionamento dos servizos públicos.

A Alcaldía poderá denegar ou condicionar o exercicio do dereito á información dos concelleiros/as por medio de resolución motivada nos casos que dispoña a lei.

Os/as concelleiros/as, no uso da información e documentación á que teña acceso por razón do seu cargo, deberán respectar os dereitos fundamentais das persoas - o dereito á intimidade- e non divulgarán as actuacións municipais que excepcionalmente teñan o carácter de secretas.

Os/as concelleiros/as non se poderán servir do seu cargo para obter información ou documentos nos que soamente teñan un interese persoal ou profesional. Tampouco poderán usar ou permitir que outras persoas usen esa información ou documentación para finalidades diferentes das derivadas do seu cargo.

Artigo 37. O dereito a acceder aos antecedentes, datos e documentos leva implícita a obtención de copias.

Cando se trate de documentación que requira autorización a entrega de copias efectuarase trala solicitude escrita.

A solicitude presentarase no Rexistro da Secretaría Xeral dirixida á Alcaldía. Se detallarán os documentos concretos dos que se solicita copia e motivarase a súa necesidade.

As solicitudes serán resoltas no prazo de dez días mediante a súa entrega ou de forma expresa, mediante resolución e entrega. A persoa interesada asinará acuse de recibo da documentación sen prexuízo de que esta se lle facilite telemáticamente cando sexa posible. Denegarase si son reiteradas dun mesmo documento, no caso de xenéricas ou indiscriminadas sobre unha materia ou conxunto de materias, ou no caso de que polo seu excesivo volume a súa materialización resulte gravosa.

O dereito á información non implicará lesión da eficacia administrativa. Si na petición inclúise a de expedición de copias de documentación e o seu volume fose tal que o seu reprodución por medios mecánicos puidese entorpecer o normal funcionamento da unidade responsable da súa entrega, dita documentación será posta de manifesto para a súa consulta por un período de dous días. Neste caso a petición de copias limitarase aos documentos

concretos sobre os que se pretenda obter a información e a súa expedición non poderá superar o prazo de cinco días hábiles que contará desde o momento no que se efectúe dita concreción.

Artigo 38. Os/as concelleiros/as teñen dereito a solicitar da Alcaldía asistencia xurídica nos procedementos xudiciais que se sigan contra eles por razón de actos ou omisións relacionados directamente co exercicio do cargo sempre que non exista conflito de intereses.

Os gastos de asistencia xurídica non poderán ser superiores aos que para os mesmos procedementos teñan fixados, con carácter orientativo, os colexios de avogados e procuradores de Galicia.

Estes gastos serán reintegrables nos supostos de sentenza condenatoria.

Artigo 39. Os/as concelleiros/as observarán as normas sobre incompatibilidade e poñerán en coñecemento de a Corporación os feitos que sexan a causa desta.

Producida causa de incompatibilidade e declarada polo Pleno o afectado optará, no prazo dos dez días seguintes á súa notificación, entre a renuncia á condición de concelleira/a ou o abandono da situación que dea orixe á referida incompatibilidade.

Transcorrido o prazo sen exercitar a opción entenderase que o/a afectado/a renuncia ao posto de concelleiro/a.

O Pleno declarará a vacante correspondente e poñerá o feito en coñecemento da administración electoral para os efectos previstos nesta lexislación.

TÍTULO TERCEIRO. GRUPOS POLÍTICOS

Os grupos políticos municipais son órganos colexiados e necesarios na organización municipal, canalizan a actuación dos corporativos, sen prexuízo das funcións e atribucións que a lexislación lles atribúa.

Os/as concelleiros/as que fosen elixidos pola mesma candidatura electoral que non se integren no grupo político que constituía a formación pola que foron elixidos ou que posteriormente abandonen o seu grupo de procedencia terán a consideración de concelleiras/as non adscritos/as.

Constituiranse tantos grupos políticos municipais como listas electorais obtivesen unha representación mínima de dous concelleiros/as.

Constituíranse mediante escrito dirixido á Alcaldía asinado por todos os membros da lista electoral que desexen constituílo, presentárase no Rexistro Xeral do Concello dentro dos cinco días hábiles seguintes á constitución da Corporación.

No escrito farase constar a denominación do grupo, as e os concelleiros que o integran e a designación do seu portavoz. Poderase nomear portavoces suplentes que substituirán ao titular en caso de ausencia ou enfermidade. Do escrito darase conta ao Pleno.

DISPOSICIÓN ADICIONAIS.

Primeira. O presente regulamento poderá ser obxecto de desenvolvemento a través das oportunas instrucións e circulares da Alcaldía, en canto ostenta a Xefatura dos servizos administrativos municipais e a Presidencia nata dos órganos colexiados.

Segunda. As dúbidas que se expoñan na aplicación do presente regulamento serán resoltas polo propio Pleno corporativo, á vista dos informes e propostas que se emitisen respecto diso.

Terceira. Será de aplicación o disposto na lexislación autonómica sobre normalización lingüística.

DISPOSICIÓN FINAL

O presente regulamento entrará en vigor logo da súa publicación íntegra no BOP, e unha vez transcorrido o prazo de 15 días precisado polo art. 65.2 da Lei 7/1985, ao que se remite a mesma.

O Saviñao, 30 de marzo de 2026.- O alcalde, Juan Carlos Armesto Quiroga.

R. 0832

Anuncio

Aprobación inicial de expediente de transferencia de crédito MC 8/2026 (Expte. 469/2026). O Pleno do Concello de O Saviñao, en sesión extraordinaria celebrada en data 27 de marzo de 2026, acordou aprobar inicialmente o expediente de modificación de créditos núm. 8/2026, do orzamento en vigor, na modalidade de transferencia de crédito entre partidas de distinta área de gasto, por importe de 33.300,00 €.

En cumprimento do disposto no artigo 169.1 por remisión do 179.4 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado polo Real Decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, sométese o expediente a exposición pública, polo prazo de quince días a contar desde o día seguinte da inserción deste anuncio no Boletín

Oficial da Provincia, para que os/as interesados/as poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimen oportunas.

O acordo inicial elevarase automaticamente a definitivo se no citado prazo non se presentara reclamación ou suxerencia algunha; en caso contrario o Pleno disporá dun mes para resolvelas.

O Saviñao, 30 de marzo de 2026.- O alcalde, D. Juan Carlos Armesto Quiroga.

R. 0833

Anuncio

Aprobación inicial de expediente de transferencia de crédito MC 7/2026 (Expte. 468/2026).

O Pleno do Concello de O Saviñao, en sesión extraordinaria celebrada en data 27 de marzo de 2026, acordou aprobar inicialmente o expediente de modificación de créditos núm. 7/2026, do orzamento en vigor, na modalidade de transferencia de crédito entre partidas de distinta área de gasto, por importe de 17.500,00 €.

En cumprimento do disposto no artigo 169.1 por remisión do 179.4 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado polo Real Decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, sométese o expediente a exposición pública, polo prazo de quince días a contar desde o día seguinte da inserción deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para que os/as interesados/as poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimen oportunas.

O acordo inicial elevarase automaticamente a definitivo se no citado prazo non se presentara reclamación ou suxerencia algunha; en caso contrario o Pleno disporá dun mes para resolvelas.

O Saviñao, 30 de marzo de 2026.- O alcalde, D. Juan Carlos Armesto Quiroga.

R. 0834

O VICEDO

Anuncio

El Pleno del Ayuntamiento, en sesión ordinaria celebrada el día 25 de marzo de 2026, aprobó provisionalmente el expediente de modificación de la ordenanza fiscal nº 8, reguladora de la taxa por la prestación del servicio de recogida de basura.

De conformidad con lo preceptuado en el artículo 17 del Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, por el que se aprueba el Texto refundido de la ley reguladora de haciendas locales, se expone al público el expediente por plazo de 30 días, el cual se computará a partir de la publicación del presente anuncio en el Boletín Oficial de la Provincia de Lugo, a efectos de que por cualquier persona interesada se pueda examinar el expediente y formular las reclamaciones que se estimen oportunas.

En el supuesto de que no se formularan reclamaciones, se entenderá definitivamente adoptado el acuerdo hasta entonces provisional.

O Vicedo, 30 de marzo de 2026.- El alcalde, José Jesús Novo Martínez.

R. 0835